

ENTREVISTA A SUSANA RIAL SANTOS



Entrevistadoras: Ola, bos días, queriamos saber se lle podiamos facer unha entrevista.

Susana: Sí, por suposto.

Pregunta: ¿Cantos anos leva dando clase neste centro?

Resposta: Pois este é o sexto ano que levo aquí, pero xa vai ser o derradeiro.

Pregunta: ¿Pódenos dicir algúns aspectos positivos e outros negativos?

Resposta: Positivos case todos, a verdade, vós os alumnos, cos que eu persoalmente estou encantada, sempre estiveren encantada dende que cheguei, os meus compañeiros, en fin, e que no centro fanse moitas actividades, é un centro moi activo, moi agradecido realmente. E negativos eu a verdade non lle vexo ningún.

Pregunta: ¿Gústalle este centro?

Resposta: Gústame moito, eu quedárame aquí toda a vida, pero non pode ser.

Pregunta: Sabemos que é titora dun grupo, ¿fórao antes?

Resposta: Sí, fun o primeiro ano que eu estiven aquí, dun cuarto da ESO así bastante "cañón", pero ben.

Pregunta: ¿Se non fose profesora de matemáticas que lle gustaría facer?

Resposta: Na miña vida se non fose profesora de matemáticas seguramente me gustaría ser arquitecta, que foi así outra das miñas grandes vocacións, e que non descarto aínda, Ao mellor algunha vez na vida aínda podo facelo, ¿non? non sei.

Pregunta: Este ano houbo a semana das matemáticas, ¿que foi o que máis lle gustou?

Resposta: O que máis me gustou foi o teatro, porque foi así moi... para os rapaces eu creo que foi algo impactante, diferente, que non se esperaban e para os que colaboraron pois tamén, porque parece que das matemáticas só se espera o mesmo sempre: unha exposición, unha conferencia, un... e digamos que o teatro tal vez foi así o máis innovador. A min persoalmente a parte, como experiencia persoal, de vir a ensaiar e de preparar as obras foi o que máis me gustou.

Pregunta: Sabemos que é deportista, ¿cal é o deporte que máis practica?

Resposta: Pois hai varios, bastantes, pero tal vez o tenis é o que máis practico aínda que tamén saio a co-

rrer ás veces, agora non porque estou lesionada, pero ben si iso é o que fago habitualmente.

Pregunta: ¿Ten algún hobbie máis á parte dos deportes?

Resposta: O meu maior hobbie son os deportes realmente, pero... eu teño moitos. A min gústame moito saír cos meus amiguetes, estar nun bar charlando horas e horas, ir ao cine tamén me gusta moito, pero ben digamos que o meu maior hobbie son os deportes.

Pregunta: ¿É verdade que se vai deste centro?

Resposta: É verdade é, xa o comentei varias veces, pero si é verdade.

Pregunta: ¿Pódense saber as razóns?

Resposta: Pois as razóns son fáciles, pois porque a min danme o destino definitivo noutro centro.

Pregunta: ¿Para que lugar vai ir dar clase?

Resposta: Pois aínda non o sei porque non mo dixeron, pero agora a finais deste mes sabereino.

Pregunta: ¿Non botará nada de menos?

Resposta: Moitísimo de menos, moitísimo, pero moitísimo de verdade, xa case teño ganas de chorar cando penso, pero que lle imos facer, hai que marchar.

Entrevistadoras: Isto foi todo grazas polo seu tempo e desexámoslle que lle vaia ben no seu novo centro.

Susana: Grazas a vós.